

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM 104/2022 DE SUBSTITUCIÓN DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA POR CAUSA DE ENFERMIDADE.

I.- FEITOS:

Primeiro.- En data 15 de xuño do 2019 procedeuse á elección de don Antonio de Dios Álvarez como Alcalde do Concello de Meira.

Segundo.- Mediante o Decreto do Alcalde do Concello de Meira núm. 228/2019, de data 26 de xuño do 2019, nomeouse aos tenentes de alcalde, figurando como 1º don Agustín Méndez Moirón.

Terceiro.- En data 15 de marzo do 2022, o Alcalde do Concello de Meira presenta parte médico de baixa por incapacidade temporal

II.- FUNDAMENTOS:

Primeiro.- O artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, dispón que os tenentes de alcalde substitúen pola orde do seu nomeamento, e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ao Alcalde.

Segundo.- Por outra banda, o artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón que: *“Corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.*

Terceiro.- O artigo art. 21 do texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, sinala que: *«Cando o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir a delegación, ou cando por unha causa imprevista resultoulle imposible outorgala, substituíralle o tenente de alcalde a quen corresponda, quen deberá dar conta diso ao resto da Corporación».*

Cuarto.- Os artigos 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dispoñen que:

- Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite o exercicio das súas funcións.
- Corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír ao Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata a toma de posesión do novo Alcalde.
- As funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde sen expresa delegación do Alcalde. Agás se esta delegación non foi posible efectuala.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

En base ás competencias atribuídas pola lexislación en materia de réxime local, é polo que, **RESOLVO**:

Primeiro.- Delegar no primeiro Tenente Alcalde, don Agustín Méndez Moirón, as funcións de Alcalde nos termos do art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e durante o período no que permaneza na situación de baixa laboral por enfermidade.

Segundo.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación así como a súa publicación no BOP de Lugo.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Meira, do que eu, como Secretaria Accidental, dou fe .

Meira, 15 de febreiro de 2022

A secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

